- Disposición favorable cara á autosuperación e confianza nas propias posibilidades.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: OS DEPORTES COLECTIVOS: O FLOORBALL.

OBXECTIVOS.

- Coñecer e aplicar os principios fundamentais que rexen o xogo de ataque e defensa no deporte do floorball.
- Coñecer basicamente os aspectos técnico-tácticos e regulamentarios do hóckey como deporte.
- Adquirir os recursos individuais necesarios para buscar solucións ás situacións de enfrontamento individual.
- Integrar os recursos individuais na acción colectiva para buscar solucións a situacións de xogo global simplificado.
- Desenvolver as actividades propostas con independencia do nivel de destreza alcanzado nestas.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- O Floorball como actividade deportiva. Aspectos técnico-tácticos e regulamentarios básicos.
- Breve recensión histórica do floorball.

b) PROCEDEMENTOS.

- Familiarización co material: agarre do stick e uso de dereito e de revés.
-

- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe dos fundamentos técnico-tácticos ofensivos: pase, apoio, detención, conducción, lanzamento e cambio de dirección.
- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe de aspectos técnico-tácticos defensivos: bloqueo e marcaxe.

c) ACTITUDES.

- Valoración do fútbol como actividade saudable para desenvolver no tempo libre e de ocio.
- Participación activa en actividades deportivas independentemente do nivel de destreza.
- Valoración positiva do contacto corporal propio deste tipo de deportes.

UNIDADE DIDÁCTICA 6: EXPRESIÓN CORPORAL: RELAXACIÓN E COREOGRAFÍAS.

OBXECTIVOS.

- Valorar o corpo como instrumento de expresión.
- Desenvolver a expresión baixo as súas máis variadas formas.
- Potenciar a creatividade a través dos distintos tipos de expresión coordinados.
- Posibilitar a descarga de enerxías a través do pracer do xogo.
- Participase en actividades rítmicas cunha base musical.
- Facilitar ao alumno/á posibilidade de manifestarse corporalmente.
- Crear unha composición coreográfica colectiva con apoio dunha estrutura musical.
- Fomentar a participación e achega ao traballo en grupos.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Dramatización: xogo dramático, mimo e pantomima.
- O tempo e o ritmo.

b) PROCEDEMENTOS.

- Experimentación de actividades nas que se combinan distintos ritmos e se manexan distintos obxectos.
- Combinación de movementos de distintos segmentos corporais, con desprazamento, seguindo unha secuencia rítmica.
- Práctica de movementos globais e segmentarios cunha base rítmica.
- Realización de actividades expresivas e rítmicas destacando o seu valor comunicativo-expresivo.

c) ACTITUDES.

- Valoración do corpo como instrumento expresivo.
 - Aceptación das diferenzas individuais e respecto ante a execución dos demais.
 - Disposición favorable cara ás actividades expresivas.
 - Disposición favorable a utilizar os hábitos de relaxación como elemento de exploración interior.
-

UNIDADE DIDÁCTICA 7: ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL: ORIENTACIÓN.

OBXECTIVOS.

- Coñecer os puntos cardinais e as técnicas para localizalos.
- Seguir un rumbo e lectura aproximados en tramos longos con boas referencias.
- Coñecer e aplicar correctamente a técnica do semáforo.
- Manexar o compás de forma básica.
- Mellorar as relacións interpersoais entre os alumnos e destes co profesor.
- Coñecer a utilidade de nós básicos para a súa posterior aplicación no ámbito.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes de cooperación que xeren un clima de confianza entre os alumnos.
- Desenvolver actitudes positivas que fomenten o respecto ao medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Desenvolvemento e mellora da resistencia aeróbica.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Orientación. Concepto
- Os puntos cardinais. Concepto e localización.
- Interpretación de planos: lendas e signos convencionais.
- Curvas de nivel e escala.

b) PROCEDIMENTOS.

- Elaboración de planos.
- Técnica de orientación por signos naturais.
- Técnica de orientación por mapas e planos.
- Técnica de orientación por compás.
- Técnica de orientación por mapa e compás.
- Técnicas básicas de cabullería.

c) ACTITUDES.

- Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.
- Valoración do deporte de orientación como actividade saudable para desenvolver no tempo libre e de ocio.
- Participación activa en actividades deportivas independentemente do nivel de destreza.
- Toma de conciencia dos usos e abusos de que está a ser obxecto o medio urbano e natura

7.4. CUARTO CURSO.

	Bloque de contidos	Título da unidade
	1. Condición física e saúde	Condición física e saúde: resistencia e velocidade.
	2. Xogos e deportes.	Actividades ximnásticas: o acrosport.
	1. Condición física e saúde.	Primeiros auxilios.
	2. Xogos e deportes	Os deportes colectivos: o baloncesto.
	3. Expresión Corporal	Expresión corporal: relaxación e coreografías.
	4. Activ. no medio natural	Actividades no entorno natural: orientación.

UNIDADE DIDÁCTICA 1: CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE: RESISTENCIA E VELOCIDADE.

OBXECTIVOS.

- Coñecer e valorar os efectos beneficiosos, riscos e contraindicacións que a práctica regular de actividade física ten para a saúde individual e colectiva.
- Valorar o estado das súas capacidades físicas e planificar actividades que lle permitan satisfacer as súas necesidades.
- Coñecer e valorar os efectos beneficiosos, riscos e contraindicacións que a práctica regular de actividade física ten para a saúde individual e colectiva.
- Practicar de forma habitual e sistemática actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.
- Coñecer as pautas para elaborar un quentamento específico logo de análise da actividade deportiva a realizar.
- Coñecer o mecanismo fundamental de adaptación do organismo ante o esforzo físico.
- Comprender, basicamente, o funcionamento dos aparatos e sistemas que manteñen unha relación estreita coa actividade física.
- Realizar tarefas dirixidas á mellora da condición física, realizando un tratamento discriminado da Resistencia e da Velocidade.
- Facilitar a creación de hábitos saudables relacionados coa práctica sistemática de actividades físicas e deportivas.
- Desenvolver un espírito crítico cara a aquelas prácticas que levan consigo efectos negativos para a saúde individual e colectiva.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Quentamento específico. Características e pautas para a súa elaboración.
- A Resistencia e a velocidade. Concepto e tipos. Métodos para o seu desenvolvemento.
- A adaptación do organismo ao esforzo físico. Síndrome Xeral de Adaptación.
- corpo humano. Sistema cardiovascular: estrutura e funcionamento.
- Hábitos e prácticas que prexudican a saúde: sedentarismo, tabaco, alcohol, etc.

b) PROCEDIMENTOS.

- Realización e posta en práctica de quentamentos logo de análise da actividade física que se realiza.
- Aplicación de sistemas específicos de desenvolvemento da resistencia Anaeróbica e aeróbica e velocidade.
- Control da intensidade do esforzo mediante a FC. Toma de pulsacións e cálculo da zona de actividade.
- Elaboración dun plan sinxelo para o desenvolvemento da forza - resistencia.

c) ACTITUDES.

- Compromiso no emprego do quentamento como medio de prevención de lesións.
- Valoración dos efectos negativos que determinados hábitos (fumar, beber, sedentarismo, etc) teñen sobre a condición física e a saúde e adopción dunha actitude de rexeitamento ante estes.

UNIDADE DIDÁCTICA 2: ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS: O ACROSPORT.

OBXECTIVOS.

- Coñecer as habilidades específicas e os aspectos técnicos máis importantes desta actividade.
- Recoñecer as axudas materiais e manuais características de cada unha das accións motoras e das figuras que se vaian realizar.
- Asumir os diferentes roles, actuando de forma coherente ao papel que se desempeña.
- Desenvolver a creatividade por medio da elaboración de composicións e coreografías.
- Valorar a práctica grupal como medio idóneo para desenvolver as capac. físicas e afectivas.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Características xerais do Acrosport.
- Principios básicos para a construción e o desmontaxe de figuras.
- Axudas manuais e materiais.
- Formacións estáticas e dinámicas.

b) PROCEDIMENTOS.

- Adquisición e consolidación das habilidades motoras básicas do Acrosport.
- Aprendizaxe das habilidades motoras básicas grupales propias do Acrosport.
- Práctica de diferentes construcións estáticas e dinámicas.
- Experimentación dos diferentes roles específicos do Acrosport.
- Creación de composicións que inclúan figuras colectivas e elementos individuais.

c) ACTITUDES.

- Aceptación dos diferentes niveis de destreza.
 - Valoración das posibilidades de interrelación.
 - Respecto polas regras.
 - Potenciación da creatividade individual e grupal.
-

UNIDADE DIDÁCTICA: 3: OS PRIMEIROS AUXILIOS.

OBXECTIVOS.

- Coñecer os conceptos relacionados coa prestación de primeiros auxilios.
- Coñecer e practicar o R.C.P. básico.
- Diferenciar entre distintos accidentes.
- Coñecer diferentes accidentes e as actuacións adecuadas.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- R.C.P. básico
- Diferentes tipos de lesións e accidentes.
- Sintomatoloxía de cada lesión.
- Actuacións posibles.

b) PROCEDEMENTOS.

- Prácticas de R.C.P. básicos
- Realización de manipulacións ante accidentes.
- Transportes de accidentados.

c) ACTITUDES.

- Concienciación da importancia dos primeiros auxilios.

UNIDADE DIDÁCTICA 4: DEPORTE COLECTIVO: BALONCESTO.

OBXECTIVOS.

- Coñecer o baloncesto como deporte de asociación, implicando os conceptos de cooperación e oposición deportiva.
- Presentar e practicar os medios técnico-tácticos individuais do baloncesto evolucionando dende a habilidade motora xenérica ata cada un dos xestos técnicos.
- Participar con independencia do nivel de habilidade alcanzado en baloncesto, valorando os aspectos de relación que fomentan e mostrando actitudes de tolerancia e deportividade.
- Practicar o baloncesto aplicando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situación de xogo.
- Utilizar o baloncesto como elemento válido para empregar o tempo libre e de ocio de forma saudable.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Características básicas e comúns do baloncesto: normas, regras, aspectos técnicos e tácticos.
- Orixe e evolución do baloncesto.

b) PROCEDEMENTOS.

- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe de medios técnico-tácticos individuais ofensivos: manexo de balón, bote, fintas, pase e tiro a canastra.
-

- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe de medios técnico-tácticos individuais defensivos: posición e desprazamentos defensivos e defensa ao xogador con balón.
- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe de medios técnico-tácticos colectivos ofensivos: ocupación de espazos libres, pases e progresións.
- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe de medios técnico-tácticos colectivos defensivos: defensa ao xogador sen balón (triángulo defensivo).
- Realización de tarefas dirixidas á aprendizaxe de aspectos regulamentarios básicos.

c) ACTITUDES.

- Respecto e aceptación das normas e regulamento.
- Aceptación do nivel técnico-táctico propio e dos demais na práctica do baloncesto.
- Disposición favorable á autosuperación e confianza nas propias posibilidades.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: EXPRESIÓN: RELAXACIÓN E COREOGRAFÍAS.

OBXECTIVOS.

- Valorar o corpo como instrumento de expresión.
- Desenvolver a expresión baixo as súas máis variadas formas.
- Potenciar a creatividade a través dos distintos tipos de expresión.
- Posibilitar a descarga de enerxías a través do pracer do xogo.
- Participase en actividades rítmicas cunha base musical.
- Facilitar ao alumno/á posibilidade de manifestarse corporalmente.
- Crear unha composición coreográfica colectiva con apoio dunha estrutura musical.
- Fomentar a participación e achega ao traballo en grupos.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Dramatización: xogo dramático, mimo e pantomima.
- O tempo e o ritmo.

b) PROCEDEMENTOS.

- Experimentación de actividades nas que se combinan distintos ritmos e se manexan distintos obxectos.
- Combinación de movementos de distintos segmentos corporais, con desprazamento, seguindo unha secuencia rítmica.
- Práctica de movementos globais e segmentarios cunha base rítmica.
- Realización de actividades expresivas (pantomima) e rítmicas (aerobic) destacando o seu valor comunicativo-expresivo.

c) ACTITUDES.

- Valoración do corpo como instrumento expresivo.
 - Aceptación das diferenzas individuais e respecto ante a execución dos demais.
 - Disposición favorable cara ás actividades expresivas.
 - Disposición favorable a utilizar os hábitos de relaxación como elemento de exploración interior.
-

UNIDADE DIDÁCTICA 6: ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL: ORIENTACIÓN.

OBXECTIVOS.

- Coñecer os puntos cardinais e as técnicas para localizalos.
- Seguir un rumbo e lectura aproximados en tramos longos con boas referencias.
- Coñecer e aplicar correctamente a técnica do semáforo.
- Manexar o compás de forma básica.
- Mellorar as relacións interpersoais entre os alumnos e destes co profesor.
- Coñecer a utilidade de nós básicos para a súa posterior aplicación no ámbito.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes de cooperación que xeren un clima de confianza entre os alumnos.
- Desenvolver actitudes positivas que fomenten o respecto ao medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Desenvolvemento e mellora da resistencia orgánica.
- Coñecer as técnicas de ascensión en montaña.

CONTIDOS.

a) CONCEPTOS.

- Os puntos cardinais. Concepto e localización.
- Interpretación de planos: lendas e signos convencionais.
- Curvas de nivel e escala.
- Nocións sobre acampada: normas de seguridade, elección do terreo e precaucións a ter en conta para montar tendas.
- Técnicas básicas de escalada.

b) PROCEDEMENTOS.

- Elaboración de planos.
- Técnica de orientación por signos naturais.
- Técnica de orientación por mapas e planos.
- Técnica de orientación por mapa e compás.
- Carreira de orientación.
- Técnicas básicas de cabullería.

c) ACTITUDES.

- Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.
- Valoración do deporte de orientación como actividade saudable para desenvolver no tempo libre e de ocio.
- Participación activa en actividades deportivas independentemente do nivel de destreza.
- Toma de conciencia dos usos e abusos de que está a ser obxecto o medio urbano e natural

8. METODOLOXÍA

O profesor é o mediador entre os contidos do currículo e o alumno/a. Debe programar actividades e situacións de aprendizaxe orientadas á aprendizaxe significativa. Buscará o desenvolvemento de patróns motivacionais relacionados co aumento da propia competencia, e experiencias de autonomía e responsabilidade persoal.

- **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS**

A nosa metodoloxía estará próxima ó constructivismo, que di que a aprendizaxe é constituída polo propio alumno, sendo nós favorecedores dese proceso. Deste xeito provocaremos no alumno aprendizaxes significativas, é dicir, conectar con coñecementos previos e fomentar a súa aplicación a distintas situacións (posibilidades de transferencia).

Trataremos sempre de que o alumno sexa un alumno activo, que participe nas sesións, experimentando todo tipo de sensacións e preguntando calquera dúbida que puidese xurdirlle, á vez que aporte ao resto do grupo as súas ideas respecto de as actividades realizadas.

En canto aos **ESTILOS DE ENSINO**, utilizaremos o máis adecuado en función do contido a tratar ou da situación. Entre eles incluimos estilos desde mando directo, ensino recíproca, asignación de tarefas, resolución de problemas e descubrimento guiado. Non hai mellores nin peores senón que se empregan en función do contido, situación ou estilo do docente. Aínda así, favoreceranse sempre aqueles que fomenten a participación activa e a autonomía do alumno.

Tamén se manipulará o grado de definición da tarefa, segundo quírase incidir sobre o mecanismo de execución (máis definidas) ou sobre a percepción e/ou decisión (non definidas).

TIPOS DE ACTIVIDADES

- **Introdutoria**: actividade que introduce os contidos que se van a traballar nunha U.D.
- **Diagnóstico**: actividade, test ou proba realizada ao principio dunha unidade didáctica (U.D.), coa función de valorar o dominio cognitivo ou motriz de cada alumno respecto da unidade que se vai a traballar.
- **Desenvolvemento**: actividades principais traballadas nas sesións da U.D.
- **Consolidación**: actividades resumo dos contidos practicados.
- **Ampliación/Recuperación**: actividades de reforzo adaptando o nivel de dificultade ás necesidades do alumno.
- **Complementarias e extraescolares**.

Outro aspecto a ter en conta son as **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**. Para evitar situacións de ansiedade ou abandono por unha dificultade excesiva presentárase secuenciada a dificultade das tarefas. Secuenciación das distintas estruturas da programación progresando do coñecido ao descoñecido, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral.

Realízase unha **valoración inicial** que permita detectar deficiencias e adecuar o proceso respectando as diferenzas individuais. Propiciar a **avaliación procesual**, recorrendo o mínimo posible a probas de valoración específicas.

Se promoverá a **participación na oferta e cultura educativa da zona. Tratamento educativo da competición** utilizándoa como axente motivador, diversión cooperación e non limitalo á vitoria. Fomentar a cooperación e o traballo en equipo.

Outro aspecto que se debe ter en conta é o relacionado con aspectos de **seguridade** ante a práctica deportiva en canto a ancoraxes, protección con colchonetas, axudas,... e de **carácter organizativo** como a colocación e recolleita do material así como o maximizar o uso do tempo e o espazo na sesión. En canto á **disciplina** teranse en conta a puntualidade, a hixiene, a indumentaria e o comportamento. Os **aspectos motivacionais** trataranse a través da variabilidade da práctica, uso de material alternativo e boa xestión do feed-back. Para rematar utilizaremos diferentes tipos de **agrupamentos**, en función dos obxectivos e contidos a tratar evitando sempre discriminacións (homoxéneos, heteroxéneos, libres, asignados, etc.)

Neste punto, é preciso mencionar o **Decreto 86/2015 do 25 de Xuño** no que se establecen unha serie de orientacións metodolóxicas para a materia que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, a consolidación e a integración dos estándares por parte do alumnado:

- Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.
- Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

9. AVALIACIÓN

A avaliación, conxunto de procedementos que permite obter información sobre o desenvolvemento dun proceso, en educación é *“o conxunto de prácticas que serven ó profesorado para determinar o grado de progreso alcanzado respecto das intencións educativas, para así axustar a súa intervención pedagóxica ás características e necesidades dos alumnos”*. (MEC: *Orientacións didácticas. Ensino Secundario Obrigatorio*, páx. 47).

9.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Distinguiremos tres momentos clave, cada un deles coas súas características específicas: **avaliación inicial ou diagnóstica**, **avaliación formativa ou continua** e **avaliación sumativa ou final**.

- **Avaliación inicial ou diagnóstica**: permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, trala observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades. Ten o seu momento idóneo ó comezo dunha unidade didáctica, dun período educativo ou dun proceso formativo. O referente da avaliación tratará de ser criterial (respecto ao nivel de habilidade do alumno) ou normativo tendo en conta a media do grupo.
- **Avaliación formativa ou continua**: permite axustar os compoñentes curriculares (obxectivos, actividades, métodos) ó ritmo de aprendizaxe dos educandos. É unha avaliación valorativa, global e persoal, e desenvólvese durante todo o proceso.
- **Avaliación sumativa ou final**: A través da cal os alumnos/as terán información relativa ao grado de consecución dos obxectivos establecidos, ao final do curso, etapa ou ciclo.

Serán obxecto de avaliación os tres tipos de contidos: conceptuais, procedimentales e actitudinais, utilizando as técnicas e instrumentos que o profesor considere máis oportunas para cada momento, distinguindo os seguintes:

	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
--	-----------	---------------	-----------

INICIAL	Cuestionario informal	- Rexistro anecdótico	
CONTINUA	Caderno do alumno	- Listas de control - Escalas - Test - Probas de habilidade	- Lista de control - Rexistro anecdótico
FINAL	Exame teórico Traballo escrito	- Listas de control - Escalas - Test - Probas de habilidade	

A avaliación do profesor realizarase a través dun diario semiestructurado no que el mesmo rexistrará a súa actuación respecto de os alumnos, xestión do feedback, disciplina e outras estratexias metodolóxicas.

A avaliación do proceso de ensino aprendizaxe realizarase a medida que se desenvolven as U.D., tamén a través dese diario semiestructurado, reflexionando sobre o desenvolvemento da sesión e escribindo aquelas melloras que se podían facer nas tarefas (novas variantes, eliminar ou modificar as que deron mal resultado, etc.).

Utilizarase algunha vez a autoavaliación e a coavaliación a fin de implicar aos alumnos/as no proceso e de fomentar a súa autonomía.

9.2.SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da materia se establecerá tendo en conta os criterios de avaliación, e segundo as seguintes porcentaxes establecidas para cada un dos diferentes tipos de contidos:

a) **Contidos conceptuais:** “saber”, coa adquisición das nocións propostas na programación preténdese que o alumno/a coñeza os elementos básicos que sustentan os contidos procedimentais, o cal permítelle maior autonomía na práctica física.

b) **Contidos procedimentais:** “saber facer”, dado o carácter eminentemente práctico da materia supoñen o núcleo fundamental dos contidos a impartir. Xustificar que se participa nalgunha actividade extraescolar ou deportiva aumenta un punto a cualificación procedimental, sempre que se superaron todas as partes da asignatura, xa que se valora moi positivamente a adquisición de hábitos físicos saudables.

c) **Contidos actitudinais:** “saber estar”, a cooperación, a implicación nas actividades, a axuda co material, os hábitos hixiénicos e a aceptación de normas e de resultados serán aspectos importantes a valorar durante o desenvolvemento das sesións, poñendo de manifesto o carácter integral da formación pretendida.

As porcentaxes que corresponderán a cada un destes contidos son os seguintes:

CONCEPTOS: Suporá un **30%** da nota final.

- Exame escrito: sobre os contidos teóricos da materia. Non se fará media se o exercicio non supera os 3 puntos.
- Traballos de investigación, recompilación ou monográficos dunha parte específica da materia.
- Caderno de actividades.
- Exames orais.

PROCEDEMENTOS: **50%** da nota final.

- Asistencia obrigatoria a clase: tres faltas sen xustificar suporán a perda da opción de superar os contidos prácticos.
- Participación nas tarefas levadas a cabo nas sesións.
- Exame práctico: sobre os contidos desenvolvidos en clase.

ACTITUDES: **20%** da nota final.

- Actitude positiva de cara á materia.
- Respecto ante o material, compañeiros e profesor.
- Aseo diario despois da práctica.
- Coidado e recollida do material.
- Utilización de indumentaria deportiva.
- Puntualidade na chegada e saída da clase

Para ser avaliado positivamente, será necesario conseguir o 30% da cualificación proposta en cada un dos apartados propostos nos parágrafos anteriores.

9.3. VALORACIÓN DE ALUMNOS LESIONADOS, DOENTES E EXENTOS DA PRÁCTICA

Os alumnos lesionados ou doentes que por prescrición médica, non poidan seguir o currículo normal a nivel procedimental durante unha ou varias U.D., atenderán aos seguintes criterios de avaliación:

1. Deberán entregar ao final da avaliación unha memoria detallada que reflicta o desenvolvemento de todas as sesións impartidas polo profesor durante o período de lesión.
2. A porcentaxe correspondente aos contidos **procedimentais (50%)**, quedará dividido en dous subapartados de igual valor: **memoria de sesións (25%)** **traballo teórico-práctico (25%)**.

Faltar dúas veces sen xustificación ou esquecer dúas veces o material durante o mesmo trimestre, conleva a realización dun traballo teórico obrigatorio, que deberá estar valorado apto pero non fará media coa proba escrita teórica.

9.4. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Os alumnos/as que o necesiten realizarán un reforzo nos contidos para que superen os obxectivos planteados, este reforzo ou recuperación a realizará a profesora nas diferentes sesións mediante o prantexamento de actividades que faciliten ó alumnado acadar os contidos e obxectivos de cada sesión.

9.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

A convocatoria de setembro constará dos seguintes apartados:

- Proba escrita sobre os contidos suspensos no curso.
- Proba práctica sobre algún dos contidos suspensos do curso.

Será necesario superar cada un dos apartados para optar ao aprobado.

9.6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Éstes contidos xa están presentes na táboa na que se reflexan os contidos, as unidades didácticas e a temporalización das mesmas por cada un dos cursos.

9.7. PROGRAMA DE REFORZO PARA RECUPERACIÓN DE PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

- **Contidos esixibles**

Os mínimos xa especificados nesta programación no apartado criterios de promoción que imos seguir con especial referencia os mínimos esixidos, e os criterios de cualificación.

- **Actividades de avaliación**

Para os alumnos/as que cursan segundo e teñen o primeiro curso suspenso:

-Realización dun traballo sobre un dos bloques de contidos que se traballan na Educación Física.
-No caso de ter superados os contidos da primeira e segunda avaliación quedaralle recuperada a materia pendente do curso anterior.

Para os alumnos/as que cursan terceiro e teñen o segundo curso suspenso:

-Realización dun traballo sobre o bloque de contidos: habilidades específicas xogos e deportes en concreto sobre un deporte individual ou de adversario.
-No caso de ter superados os contidos da primeira e segunda avaliación quedaralle recuperada a materia pendente do curso anterior.

Para os alumnos que cursan cuarto e teñen o terceiro curso suspenso:

-Realización dun traballo sobre o bloque de contidos: habilidades específicas: xogos e deportes colectivos e actividades na natureza
-No caso de ter superados os contidos da primeira e segunda avaliación quedaralle recuperada a materia pendente do curso anterior.

- **Criterios para a superación de materias pendentes**

A nota para decidir si a materia está recuperada terá dúas fontes de recollida de información:

- ☞ **Teórico:** traballo sobre un bloque de contidos
- ☞ **Práctico:** exercicios específicos, circuítos, test de condición física...

Dado o carácter práctico da asignatura, as notas dos prácticos iranse recollendo en cada avaliación e só se realizarán exames teóricos nas convocatorias oficiais de xuño e setembro.

A nota do mes de xuño será: **80%** exame práctico e **20%** o exame teórico. No caso de non realizar os prácticos o 100% da nota se obterá da proba de xuño combinada teórico-práctica. En caso de non recuperar a materia en xuño, as notas dos prácticos non computarán no mes de setembro onde a nota se conforma ó 100% cunha proba teórico-práctica combinada.

- **Plan específico para alumnos que repiten coa materia pendente**

Aqueles alumnos que repiten coa materia pendente incorporaranse á dinámica normal da clase, si ben, farase un control semanalmente escollendo una hora semanal de atención a estes alumnos onde o profesor solucionará dúbidas, reforzará determinados contidos, etc.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Partimos da idea xeral de que cada alumno é diferente aos demais; as aprendizaxes previas, o nivel de maduración, a situación persoal e familiar e os factores xenéticos son algúns aspectos que poden marcar diferenzas entre os alumnos á hora de aprender, e de aí que a aprendizaxe se desenvolva de modo individualizado, de maneira que cada cal observe a súa propia progresión. Para diminuír as diferenzas e achegar currículo ás características individuais de cada un, sen tratar por iso de diminuír o grao de esixencia senón de flexibilizalo.

Os alumnos con necesidades educativas especiais terán a posibilidade de adaptar os tres tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) ás súas necesidades específicas coa supervisión do profesor. Practicamente en todas as actividades que se propoñen se empregan materiais e regulamenta-

cións adaptadas á idade e a unha concepción menos competitiva e máis lúdica da actividade física, polo que todos os alumnos poden participar sen importar ou o nivel de execución motora.

Os grupos de traballo serán flexibles o que permitirá ir graduando os niveis e que os alumnos traballen segundo as súas posibilidades.

De calquera xeito, para os casos concretos nos que o alumno non poida participar de xeito igual que o resto se proporán as seguintes modificacións:

AUTOAVALIACIÓN

Formular a avaliación como un proceso dende o inicio ata o final, de maneira que todos poidan marcar o seu nivel aínda que sexa baixo.

ANOTACIÓN DE PUNTOS DÉBILES

Ábrese un espazo para que se anoten as carencias e aqueles aspectos que precisen unha adaptación dos niveis normais para a idade. Os alumnos que teñen algunha necesidade especial aprenden a coñecer mellor e a valorar as súas peculiaridades, tentando superalas na medida do posible.

ACTIVIDADES DE REFORZO e AMPLIACIÓN

En cada bloque de contidos propóñense actividades de reforzo e ampliación para realizar tanto dentro coma fóra do horario escolar. Aínda que o ideal sería que as pudiesen realizar co profesor fose de clase, se iso non é posible (polo horario de utilización das instalacións), pódense realizar programas específicos de mellora fóra dá clase, onde a execución fose parte dos contidos previstos para ese grupo de alumnos.

INACTIVIDADE

Ao non existir as exencións, os alumnos con limitación (temporal ou permanentes) realizarán as actividades que non prexudiquen o seu problema á vez que complementarán, con traballos prácticos e teóricos, os contidos que non poidan desenvolver e realizarán outros que traten sobre a súa doenza ou limitación física; tamén participarán na elaboración de apuntamentos para os compañeiros, participación en actividades deportivas realizando tarefas de arbitraje, dirección de actividades aos compañeiros (quentamento, xogos, exercicios de relaxación,...).

11. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES.

En base a referencia lexislativa que establece á **LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de Educación**. (BOE Núm. 6, Suplemento en lingua galega do 15-5-2006, Páx. 931. BOE Núm. 106, do 4-5-2006. Páx. 17158) Dispoñible en liña na páxina web http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/15/pdfs/A00931-00978.pdf e dispoñible en liña na páxina web <http://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf>., e conforme ao Título I. **As ensinanzas e a súa ordenación**. Capítulo III. **Educación secundaria obrigatoria**. Artigo 28. *Avaliación e promoción*.

TITULO I. **As ensinanzas e a súa ordenación**. Capítulo III. **Educación secundaria obrigatoria**. Artigo 28. *Avaliación e promoción*.

5. Os que promocionen sen superar todas as materias seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia sera tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos nos puntos anteriores.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Durante o presente curso escolar 2016 - 2017, o Departamento de Educación Física de Educación Secundaria, na proposta inicial que plantexa ao Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, prevé, de ser posible, a posibilidade de levar a cabo unha saída de sendeirismo e outra saída de actividades de orientación no medio natural para 1º, 2º, 3º e 4º cursos de Educación Secundaria. Así mesmo, prevé a colaboración, na medida das posibilidades organizativas do Departamento en actividades complementarias e extraescolares organizadas polo de Centro.

13. APORTACIÓNS AO PLAN T.I.C.

En base a referencia legislativa que establece o **DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia**. (DOG Núm. 136 do 13-7-2007, Páx. 12.032) Dispoñible en liña na páxina web http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20070713/Anuncio25E92_gl.pdf e conforme ao Artigo 6º. Organización dos tres primeiros cursos. Artigo 7º. Organización do cuarto curso. *Anexo VI*. Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

ANEXO VI. Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

Cada plan deberá recoller ademais os seguintes obxectivos xerais:

- * Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- * Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- * Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- * Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- * Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- * Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.

14. APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA.

En base a referencia normativa de Centro establecida no Plan de Convivencia, aprobado no curso 2011-2012, a través desta materia fomentárase:

- Concienciar ao alumnado da necesidade dunha boa convivencia para o que é imprescindible o respecto as normas específicas de traballo nesta materia.
- Fomentar o respecto a todos os membros da comunidade escolar (participando en actividades de carácter mixto, con compañeiros que presentan diferentes niveis de habilidades...)
- Fomentar a integración de todos os alumnos e alumnas do centro independentemente do seu lugar de orixen, raza o relixión, a través de actividades cooperativas.
- Fomentar a cultura do diálogo e a mediación, nas situacións que surxan das distintas formas de organización das actividades e das posibilidades de resolución das tarefas e situacións plantexadas.
- Detectar e tratar de solucionar, o antes posible e de maneira pacífica, os conflitos que poidan surxir no centro, bien sexa na propia aula, bien sexa nos lugares de esparcemento.
- Fomentar a axuda cara a aqueles compañeiros que presenten máis dificultades no seu aprendizaje, a través de propostas cooperativas.
- Hacer partícipe al alumnado da necesidade de cuidar e manter en bo estado tanto o pavillón e vestuarios como os espacios comúns a todos os membros da comunidade escolar.
- Facer partícipe ao alumnado da necesidade de cuidar e manter en bo estado o seu material e o material dispoñible da materia.
- Concienciar ao profesorado da necesidade de actuar coa maior coordinación e coherencia posible no trato cos alumnos.
- Establecer criterios para fomentar o respecto e a humildade no trato humano tanto no ámbito académico como no personal (saber contextualizar a competición como valor que fomenta a autosuperación persoal dentro de un contexto de traballo no que prime a colaboración, fair-play...).

15. APORTACIÓNS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

En base a referencia normativa de Centro establecida no Plan Lingüístico, aprobado no curso 2011-2012, a materia de educación Física de Educación Secundaria impártese en lingua galega en todos os cursos da etapa de Educación secundaria, tal e como establece o Proxecto Lingüístico do Centro.

16. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS LEGISLATIVAS.

- LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE Núm. 295, Suplemento en lingua galega do 10-12-2013, Páx. 1. BOE Núm. 295, do 10-12-2013, Páx. 97858) Dispoñible en liña na páxina web http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf e dispoñible en liña na páxina web <http://www.boe.es/boe/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886.pdf>.
 - **LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.** (BOE Núm. 6, Suplemento en lingua galega do 15-5-2006, Páx. 931. BOE Núm. 106, do 4-5-2006. Páx. 17158) Dispoñible en liña na páxina web http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/15/pdfs/A00931-00978.pdf e dispoñible en liña na páxina web <http://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf>.
 - DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Núm. 136 do 13-7-2007, Páx. 12.032) Dispoñible en liña na páxina web http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20070713/Anuncio25E92_gl.pdf
-

17. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS DE CENTRO.

- Normas de Organización e Funcionamento de centro (R.R.I.) Aprobado Curso 2013-2014.
- Plan de Autoprotección. Aprobado Curso 2011-2012.
- Plan de Convivencia. Aprobado Curso 2011-2012.
- Plan Lingüístico. Aprobado Curso 2011-2012.
- Plan das T.I.C. Aprobado Curso 2013-2014.
- Proxecto A.B.A.L.A.R. Aprobado Curso 2012-2013.
- Proxecto Educativo de Centro (P.E.C.) Curso 2011-2012

En Padrenda, a 26 de Setembro de 2016

Asinado:

Ana Estévez Costa
Profesor de Educación Física de Educación Secundaria.
